

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	ABEGONDO
Edificio	Igrexa de Santaia de Abegondo
Dirección	Lugar do Adro,5. 15318
	43.2188104 -8.2984496
Protección	
Descrición	<p>Igrexa de estilo barroco do século XVIII, de planta rectangular á que se lle engadiron tres pequenos corpos no seu muro meridional. A cuberta do edificio é a dúas augas, con estrutura de madeira e cubrición de tella curva do país.</p> <p>No interior, o presbiterio e a nave diferencian os seus espazos por medio dun arco de ingreso que se apoia sobre pilastras apegadas ó muro, do mesmo xeito que a entrada á capela vén definida por un arco de medio punto. Nesta última encóntrase un retablo barroco ornamentado con columnas salomónicas decoradas con uvas e acios, do mesmo xeito que tamén aparecen as pólas de figueira correspondentes ó escudo dos Figueroa. Nun dos muros laterais da capela insíbese un escudo pétreo de características semellantes ós que figuran no ático do retablo.</p> <p>O exterior concentra a súa decoración na fachada principal. Esta aparece dividida en tres panos; os dous laterais, revestidos, vense remarcados pola pedra á vista dos esquinais, zócalo e cornixa, mentres que o central, delimitado por dúas pilastras de orde xigante, concentra a práctica totalidade dos elementos ormanentais. De abaixo arriba presenta: unha porta rectangular adovelada, unha xanela rectangular e unha fornela cunha imaxe da Virxe cunha palma na man dereita e un libro na esquerda. Rematando este pano central, unha espadana de dous corpos, o primeiro formado por dous arcos de medio punto que descansan sobre piares moldurados e serven para aloxa-las campás. O segundo un frontón triangular curvo flanqueado por dous pináculos moldurados con bóla e rematado por outro pináculo con bóla cunha cruz de forxa.</p> <p>Nos anos oitenta do século XX, levouse a cabo no edificio unha profunda restauración, na que se deixaron ó descuberto determinados elementos interiores que estaban ocultos. Como noutras igrexas do rural galego, aparece o cemiterio dentro do recinto do adro, formando un conxunto onde conviven a parroquia dos mortos e a parroquia dos vivos.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	26-10-2020

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Campá pequena (1)	BLANCO RUCABADO, FRANCISCO ANTONIO	1793	58	113
Espadana	Campá grande (2)	BLANCO CHARLO, FRANCISCO ANTONIO (1804-1878)	1838	71	207

Información completa: [Igrexa de Santaia de Abegondo - ABEGONDO \(GALICIA\)](#)

PDF (16-06-2026)